

Asociación Española de Lingüística Aplicada	Instituto da Lingua Galega Universidade de Santiago de Compostela

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LINGÜÍSTICA APLICADA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA.

En Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2013

COMPARECEN

Dunha parte, Don Ricardo Mairal Usón, maior de idade, con DNI 18021524N, en calidade de Presidente da **Asociación Española de Lingüística Aplicada** (en adiante, **AESLA**), con CIF G30118087, domiciliada en Universitat Politècnica de València • Departamento de Lingüística Aplicada • Edificio 4P, 3ª planta • E-46022 València, no seu nome e representación facultado para celebrar convenios en virtude dos poderes conferidos pola Asemblea de Socios/as da devandita Asociación.

Doutra parte, Don Juan José Casares Long, Reitor da **Universidade de Santiago de Compostela** (en adiante **USC**) segundo nomeamento efectuado polo Decreto 99/2010, de 17 de xuño (DOG de 24 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, e do artigo 87 do Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela.

Ambas as partes recoñécense capacidade plena para subscribir este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: AESLA figura inscrita na Sección Primeira do Rexistro Nacional de Asociacións co nº 46.997, no Ministerio do Interior do Goberno de España. Trátase dunha Asociación que se constitúe sen ánimo de lucro, cuxo obxecto e demais circunstancias son os que constan nos seus Estatutos. A Asociación constitúese con ámbito e competencia estatal e con carácter permanente.

SEGUNDO: O artigo nº 2 dos Estatutos de AESLA establece: "O obxectivo específico da Asociación é fomentar, estimular e impulsar en España o estudo e investigación da lingüística aplicada".

TERCEIRO: A USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico. Segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o

establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

CUARTO: O Instituto da Lingua Galega é un centro de investigación lingüística da Universidade de Santiago de Compostela que realiza unha intensa actividade investigadora nos campos da lingüística e da filloxía galega. No desenvolvemento das súas actividades, o Instituto colabora activamente con todas as institucións públicas e entidades implicadas de modo directo no estudo e promoción da lingua galega e na súa normalización social, así como con investigadores e grupos de investigación de todo o mundo.

QUINTO: Que tanto AESLA como USC, a través do Instituto da Lingua Galega, teñen interese en colaborar no ámbito da investigación e a prestación mutua de servizos, reforzando as liñas de investigación de interese común, propiciando o intercambio de coñecementos e experiencias científicas e/ou profesionais de ambas as entidades, facilitando os medios adecuados para conseguir este intercambio, co obxecto de avanzar no coñecemento da lingüística aplicada.

Tendo en conta o anteriormente exposto, AESLA e USC formalizan o presente convenio marco de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: AESLA e USC conveñen en estreitar as súas relacións, axuntar esforzos e establecer liñas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco establecido en convenios ou acordos específicos, as accións de colaboración que estimen oportunas e contribúan ao cumprimento dos seus fins. Como resultado do presente convenio, USC convértese nunha entidade/institución colaboradora de AESLA, e así quedará reflectido no rexistro de entidades/institucións colaboradoras de AESLA, cuxo listado se fará público no espazo web da Asociación.

SEGUNDA: A subscrición do presente convenio marco non comporta obrigas económicas para ningunha das partes. Para a realización das diferentes actividades estipularase a contribución económica que, dentro das súas disponibilidades, cada Institución poida achegar. Así mesmo, xestionarán conxuntamente a captación de recursos doutras entidades.

TERCEIRA: Constituirase unha Comisión Mixta de seguimento e control do presente convenio, formada polo Director do Instituto da Lingua Galega, por parte da USC e o Presidente da Asociación Española de Lingüística Aplicada por parte de AESLA.

CUARTA: O presente convenio marco entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de tres anos, renovables por períodos iguais por acordo entre as partes, dous meses antes de expirado o prazo inicial.

QUINTA: As partes poderán modificar o presente convenio marco de mutuo acordo. Así mesmo, calquera das partes poderá, á súa vez, denunciar o presente convenio comunicándoo por escrito á outra parte con seis meses de antelación á data en que queira dalo por concluído.


SEXTA: En canto á normativa aplicable e xurisdición relativas ao presente convenio marco, estas regularanse por mutuo acordo entre ambas as partes. As partes comprométese a

dirimir de forma amigable calquera dúbida ou controversia que puidese xurdir en orde á interpretación ou execución do presente convenio marco con prontitude e eficacia. No caso de que o dito acordo non fose posible, resolveranse de conformidade coas normas recoñecidas polo Dereito español e serán competentes para resolver os litixios que puidesen ocasionarse, con renuncia expresa a calquera foro que puidese corresponder aos asinantes, os Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa de Madrid.

O presente documento asínase en catro exemplares, dous en lingua española e dous en lingua galega, quedando cada unha das partes cun orixinal de cada versión.

E en proba de conformidade de canto antecede asinan no lugar e data indicados no encabezamento.

Por AESLA,
Ricardo Mairal Usón
Presidente

Handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Ricardo Mairal Usón' with a stylized flourish below it.

Pola USC
Juan J. Casares Long
Reitor

Handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Juan J. Casares Long' with a large, sweeping flourish at the bottom.